<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.</li> <li>- Gravación do son, sincrónico e recreado.</li> <li>- Principais softwares de edición non lineal.</li> <li>- Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.</li> <li>- Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

##### **PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.**

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias planificadas polo profesorado coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Para acadar estes obxectivos e logros débense empregar uns principios metodolóxicos e didácticos nos que se teña en conta que o alumno ou alumna é o protagonista do proceso, o que constrúe a súa propia aprendizaxe, sendo deste xeito o profesor ou profesora, o guía que os oriente cara á consecución desas aprendizaxes. É dicir, debe xerar curiosidade presentando contidos interesantes, próximos e útiles, que chamen a atención do alumnado. Motivalo empregando recursos didácticos variados, visuais e audiovisuais, que permitan axustar o proceso ás capacidades, estilos e preferencias.

Para isto, débese partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e así asegurar que esta aprendizaxe sexa significativa, concepto proposto por David Ausubel. Por tanto, secuenciaranse gradualmente os contidos, partindo sempre dos de menor dificultade e rematando cos que esixen maior atención e destreza. E sempre cun enfoque globalizador e interdisciplinar centrado nas competencias, de xeito que non teñan só coñecementos, senón que sexan capaces de aplicarlos na solución de problemas reais.

Tamén é importante fomentar a participación activa e inclusiva, favorecendo, coas distintas actividades propostas ao longo do curso, o traballo do alumnado. Así como considerar a atención á diversidade, ao empregar métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, relacionados coa teoría das intelixencias múltiples de Gardner.

O IES San Clemente é o único instituto de Galicia que oferta o Bacharelato para adultos a distancia, o que significa que as clases serán gravadas polo profesor ou profesora nunha aula equipada para dito mester, e posteriormente subidas a unha Aula Virtual que serve como plataforma de coñecemento e intercambio entre o profesorado e o alumnado. Un alumnado que poderá poñerse en contacto cos seus profesores e profesoras empregando dita plataforma para enviar un correo electrónico ou solicitar unha titoría web, facendo unha chamada telefónica ao

departamento no horario correspondente ou, de ser necesario, e sempre que a situación sanitaria o permita, concertando unha titoría presencial.

Por tanto, debido ao funcionamento das ensinanzas do IES San Clemente, ao feito de que o Bacharelato se imparta a distancia, a metodoloxía empregada nas clases gravadas, que ademais deben ser curtas para fomentar o seguimento dun alumnado que normalmente dispón dun tempo escaso, non é igual de participativa que nun centro ordinario, reducíndose a clases maxistras nas que a docente expón os contidos de forma secuenciada e progresiva, sempre coa premisa de facelos comprensibles e o máis amenos posibles.

E todo isto, aínda que nos movamos nun entorno virtual, nun clima de aula axeitado, no que se favoreza o diálogo e o respecto ás diferenzas, o que dará como resultado a cooperación e implicación do alumnado como tamén o seu desenvolvemento integral, evitando centrarnos só no aspecto intelectual.

#### SECUENCIACIÓN DO TRABALLO NA AULA VIRTUAL.

No Bacharelato a distancia, e polo tanto tamén na materia de Cultura Audiovisual, a temporalización das sesións vén dada pola propia ferramenta de aprendizaxe virtual, na que se inclúen catro temas (unidades didácticas) por avaliación, cada un dos cales conta cun tempo de asimilación dunha quincena.

Todas as unidades didácticas seguen unha estrutura que se inicia coa motivación, presentando o tema de tal xeito que esperte o interese do alumnado, seguido da información aportada pola profesora, tanto a básica dirixida a todos e todas, como a de reforzo e ampliación, só para os que o necesiten. O seguinte sería o traballo dos alumnos e alumnas. Para isto, na Aula Virtual de Cultura Audiovisual plantéanse dous tipos de actividades de aprendizaxe:

- Exercicios autoavaliáveis. Cada unidade didáctica contén dous boletíns de exercicios relativos á mesma para que o alumnado os resolva pola súa conta e compare as súas respostas coas do solucionario, tamén incluído en ditos documentos.

- Exercicios para enviar ao titor ou titora. En cada unidade didáctica, igual que no caso anterior, ou en ocasións cada dúas, inclúese outro boletín de exercicios, sen solucións, que o alumnado pode facer e entregar de xeito voluntario para poder recibir así as posibles correccións por parte da profesora.

A isto habería que sumar os exercicios de reforzo e ampliación propostos polo profesorado no caso de ser necesarios.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
AULA EQUIPADA PARA AS GRAVACIÓNS
AULA VIRTUAL
GUÍA DA CONSELLERÍA DE CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES
VÍDEOS DE CLASE
DOCUMENTOS PDF DE CARÁCTER TEÓRICO-PRÁCTICO
LIGAZÓNS A CONTIDO EXTRA
EXAME MODELO



Como materiais:

- AULA EQUIPADA PARA AS GRAVACIÓNS. Os recursos técnicos empregados son os proporcionados polo IES San Clemente, que conta con dúas aulas perfectamente equipadas con cámara, focos, encerado dixital, micrófono, sistema de audio e ordenador con dúas pantallas para a gravación das sesións das distintas materias, incluída Cultura Audiovisual, así como cun sistema informático que procesa e edita os vídeos para facelos máis atractivos para o alumnado, sen necesidade de que os docentes se teñan que encargar desta parte tan específica.

- AULA VIRTUAL. Plataforma imprescindible na educación a distancia impartida no IES San Clemente, é o espazo dedicado á publicación das clases e dos apuntamentos por parte da profesora, das datas dos exames e de documentos importantes de cara o curso, e tamén de intercambio de impresións e de resolución de dúbidas para o alumnado.

Como recursos didácticos:

- GUÍA DA CONSELLERÍA DE CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES. Para facilitar a aprendizaxe e a sistematización dos contidos mínimos esixibles para o curso de Cultura Audiovisual, emprégase a guía elaborada pola Consellería de Educación, accesible no portal web da Xunta de Galicia, así como na Aula Virtual do IES San Clemente, á que se lle aplican as adaptacións necesarias para optimizar o ensino.

- VÍDEOS DE CLASE. Ao tratarse dunha ensinanza a distancia, as clases son gravadas no instituto pola profesora e subidas posteriormente á Aula Virtual para que o alumnado poida seguir o curso dun xeito ordenado e ao seu ritmo.

- DOCUMENTOS PDF DE CARÁCTER TEÓRICO-PRÁCTICO. Para complementar a información da guía e explicala máis pormenorizadamente, están a disposición do alumnado na Aula Virtual unha serie de documentos PDF coa parte teórica de cada tema elaborados e secuenciados pola profesora de xeito moito máis ordenado, visual e completo, a partir dos cales se desenvolven as explicacións das clases gravadas para unha mellor comprensión das mesmas. É dicir, a docente estudia cada tema por separado e estima dividilo nun determinado número de partes, as que mellor se axeiten á comprensión gradual do alumnado. Elabora o documento PDF de cada parte e vainas subindo á plataforma ao mesmo tempo que os vídeos das clases, que utilizarán como ferramenta base precisamente estes documentos.

- LIGAZÓNS A CONTIDO EXTRA. En ocasións, para completar unha explicación ou simplemente para ofrecer información adicional ao alumnado, a profesora inclúe entre as publicacións da Aula Virtual, ligazóns de vídeos e webs que aportan contidos interesantes que poden axudar á comprensión da materia tratada.

- EXAME MODELO. Uns quince días antes das probas estipuladas no calendario, a profesora publica na Aula Virtual un exame modelo en branco, e outro coas respostas, para que os alumnos e as alumnas poidan ter unha idea do que se van atopar o día que deben examinarse da avaliación ou avaliacións correspondentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Podemos definir a avaliación como o proceso mediante o cal valoramos se os alumnos e alumnas están conseguindo os obxectivos previamente marcados e se, a súa vez, se están desenvolvendo as competencias clave. E segundo o exposto no artigo 22 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, esta avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Bacharelato debe ser continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento de mellora tanto do proceso de ensino como do de aprendizaxe.

Por tanto, como proceso continuo, distínguense tres fases de avaliación: inicial, continua e final, mais debido ao tipo de ensinanza impartido no IES San Clemente, unha ensinanza a distancia que require dunha complexa loxística para a celebración dos exames ao longo do curso a nivel territorial galego, e na que o alumnado se pode matricular en calquera momento do mesmo, non está programada ningunha proba que sirva como avaliación inicial do alumnado.

Buscarase igualmente unha aprendizaxe significativa partindo sempre dos contidos relativos á materia en cursos anteriores e repetiranse algúns deles cando sexa oportuno nas explicacións, pero non se examinará de ningún xeito ao alumnado ao inicio do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Tendo en conta a particularidade de que a ensinanza do IES San Clemente se desenvolve a distancia, e que calquera exercicio proposto non terá máis que carácter voluntario, debido a que o alumnado se pode matricular en calquera momento do curso, e que ademais, soe contar con pouco tempo e moitas obrigacións que non teñen que ver co ámbito educativo, a cualificación de cada avaliación obterase directamente da proba escrita estipulada para a mesma.

Dita proba, da cal o alumnado estará previamente informado, tanto do número e estilo de preguntas como da súa cualificación, valorarase de 0 a 10 puntos, de tal xeito que o alumno ou alumna deberá ter como mínimo un 5 sobre 10 para poder aprobar a avaliación. Dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, aplicarase a lei do redondeo: cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco, redondéase á unidade superior.

A nota final do curso será a media aritmética da nota das tres avaliacións, sempre que o alumno ou alumna teña aprobadas, como mínimo, dúas, e que na avaliación suspensa acadara unha cualificación mínima de catro puntos sobre dez.

Sobre esta nota final, e só de xeito positivo, poderase ter en conta a entrega voluntaria dos exercicios a enviar ao titor ou titora ao longo do curso (no caso de que a profesora o indique na Aula Virtual) podendo sumar ata un punto a maiores. E tamén terase en conta se o alumno ou alumna se atopa nunha situación de aprobado dubidoso.

### Criterios de recuperación:

- DAS AVALIACIÓNS: EXAME FINAL.

No caso de que a nota final sexa inferior a 5 ou de ter dúas ou máis avaliacións suspensas, o alumno ou alumna deberá facer, no mes de maio, unha proba final escrita de recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas ou non presentadas. Dita proba, composta por unha serie de cuestións relativas ás unidades didácticas traballadas na avaliación ou avaliacións que se deban recuperar en cada caso, cualificarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superala. É dicir, no encabezamento desa proba haberá unha serie de combinacións con respecto as avaliacións a recuperar, o alumno ou alumna marcará a que lle corresponde segundo a súa situación persoal e fará os exercicios que se lle indican na mesma.

Dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, aplicarase a lei do redondeo: cando o valor da décima é inferior a cinco, redondéase á unidade anterior, e cando o valor da décima é igual ou superior a cinco,

redondéase á unidade superior.

- DA MATERIA: EXAME EXTRAORDINARIO.

Se o alumno ou alumna non acada unha cualificación óptima na avaliación final, deberá presentarse á proba extraordinaria de xuño na data fixada polo centro.

Dita proba versará sobre todos os contidos traballados ao longo do curso, ou o que é o mesmo, a totalidade da materia impartida nas tres avaliacións. Cualificarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superala.

Dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, na nota final aplicarase a lei do redondeo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que curse segundo de bacharelato e estea matriculado en Cultura Audiovisual por non tela superada con anterioridade poderá:

- Seguíla con normalidade, ao igual que os seus compañeiros e compañeiras que a cursan por primeira vez, presentándose aos exames de cada unha das avaliacións, e podendo, por tanto, aprobala por curso, coas mesmas condicións especificadas no apartado anterior desta programación didáctica.

- Presentarse, ben sexa por non ter seguido o curso ou por non aprobar algunha das avaliacións do mesmo, á proba de pendentes ordinaria que se celebra no mes de maio.

Ao igual que na avaliación final do alumnado novo de Cultura Audiovisual, no encabezamento desa proba haberá unha serie de combinacións con respecto as avaliacións a recuperar, o alumno ou alumna marcará a que lle corresponde segundo a súa situación persoal e fará os exercicios que se lle indican na mesma.

Dita proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar o alumnado como mínimo un 5 sobre 10 para poder superala.

Dado que a cualificación final non pode incluír decimais, aplicarase a lei do redondeo, do mesmo xeito que se expuxo en anteriores epígrafes desta programación didáctica.

- No caso de non conseguir aprobar a materia por curso ou asistindo á proba de pendentes ordinaria do mes de maio, o alumnado terá unha última oportunidade no exame de pendentes extraordinario que terá lugar no mes de xuño.

Dita proba versará sobre a totalidade da materia impartida nas tres avaliacións. Igual que no resto de probas, cualificarase de 0 a 10 puntos. O alumno ou alumna deberá acadar como mínimo un 5 sobre 10 para poder superala. E dado que a cualificación final do alumnado non pode incluír decimais, na nota final aplicarase a lei do redondeo.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As orientacións metodolóxicas expostas ata agora son de carácter xeral, mais non debemos esquecer que a atención á diversidade debe ser un elemento fundamental na práctica docente diaria, dado que a diversidade é unha realidade social e, polo tanto, tamén unha realidade de cada centro educativo. E incluso poderíamos dicir que no IES San Clemente máis que noutros centros, dado que a ensinanza a distancia preséntase en ocasións como a mellor alternativa para aqueles alumnos e alumnas con determinadas necesidades especiais.

Os materiais e leccións de Cultura Audiovisual configúranse tendo todo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes, tanto para aqueles alumnos e alumnas con menor formación específica nesta área, como para aqueles outros que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos neste ámbito:

- Nos documentos PDF elaborados pola profesora, así como nas clases e nas titorías web, refórzanse os posibles contidos estudados (aínda que sexa de pasada) en etapas anteriores, de tal xeito que os alumnos e alumnas con máis

dificultades poidan ir asimilando os contidos de xeito progresivo. E tamén se amplían determinados aspectos, satisfacendo así tamén as necesidades daquel alumnado máis adiantado, ou que simplemente chegou ao curso cunha maior preparación.

- A elaboración de materiais para a súa exposición e o uso de medios audiovisuais favorecen a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.

Por outra banda, pese a tratarse dunha ensinanza non presencial, procurárase manter un contacto frecuente co noso alumnado, ben sexa a través dos mecanismos deseñados para tal fin na Aula Virtual, ou por teléfono, para así poder detectar os niveis de adquisición dos alumnos e alumnas e deseñar materiais e actividades voluntarias, de ser necesarias, de reforzo e de ampliación.

O centro conta cun Plan Xeral de Atención á Diversidade no que se expoñen o conxunto de medidas que se ofrecen a todo o alumnado coa intención de dar a resposta máis eficaz as súas características particulares e xerais, e sempre se traballará en coordinación co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X

### Observacións:

Segundo o artigo 19 do Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia, os nove elementos transversais expostos neste apartado deben traballarse en todas as materias, incluída a de Cultura Audiovisual. E neste caso, non se relacionan con unidades didácticas concretas, senón ao longo do curso, co desenvolvemento da materia no seu conxunto.

Ao interpretar as partes teóricas da mesma e os enunciados dos exercicios propostos, e respostalos despois dun tempo de reflexión no que se barallan posibles respostas, os alumnos e alumnas estarán traballando a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, o espírito crítico e científico, a comunicación audiovisual e a creatividade. Co uso cotiá da Aula Virtual do IES San Clemente e dos distintos formatos nos que se presentan os contidos, fomentárase a competencia dixital e, de novo, a comunicación audiovisual. Co feito de estudar a distancia e de ser, por tanto, o alumnado máis protagonista que nunca no proceso de ensinanza-aprendizaxe, marcando os seus tempos en todo momento, cultivárase o emprendemento. E o clima de aula, aínda que esteamos falando dun ámbito virtual, propiciará sempre a educación emocional e en valores e a igualdade de xénero.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, e valores como a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, entre outros. E por suposto, evítanse os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "HELMUT NEWTON"	Inaugúrase o día 18 de novembro de 2023 na nave do peirao de Batería do porto da Coruña.			

### Observacións:

Dado que o noso alumnado non acode presencialmente con regularidade ao centro porque ten outras ocupacións, de aí que estea cursando nunha modalidade a distancia, non resulta sinxelo plantear actividades de tipo complementarias ou extraescolares porque, á dificultade sanitaria dos últimos cursos debido á COVID hai que engadir a baixa participación do mesmo.

Con todo, si existen algunhas actividades de índole cultural, como saídas, planificadas por algúns departamentos, programadas posteriormente polo centro e comunicadas sempre con tempo suficiente aos alumnos e alumnas para que se animen a participar. E sempre tendo especial coidado en que estas actividades complementarias e extraescolares non supoñan un obstáculo para a consecución dos obxectivos suscitados, senón todo o contrario. Polo tanto, estúdanse con especial coidado as datas e a súa posible cercanía cos exames.

No caso concreto de Cultura Audiovisual, materia do bacharelato de artes, pertencente ao departamento de Debuxo do IES San Clemente, está prevista a proposta dunha saída á cidade da Coruña para asistir á exposición do fotógrafo Helmut Newton.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(PE) O nivel de dificultade foi o adecuado ás características do alumnado?
(PE) Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
(PE) Conseguiuse motivar ao alumnado para conseguir a súa actividade intelectual e física?
(PE) Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
(PE) Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?
(PE) Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
(PE) Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
(PDo) Fanse explicacións xerais para todo o alumnado?
(PDo) Ofrécese a cada alumno ou alumna as explicacións individualizadas que precisa?
(PDo) Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
(PDo) Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
(PDo) Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
(PDo) Incorporáranse as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe?
(PDo) Préstase atención aos temas transversais vinculados á materia?
(PDo) Coméntase co alumnado os fallos máis significativos dos seus exames?
(PD) Deseñáronse as unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
(PD) O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización prevista?
(PD) Engadiuse algún contido non previsto á programación?

(PD) Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
(PD) Estableceuse a secuencia habitual de traballo no aula?
(PD) Son adecuados os materiais didácticos empregados?
(PD) Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?
(PD) Establecéronse criterios para a recuperación dunha avaliación?
(PD) Establecéronse criterios para a avaliación final?
(PD) Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
(PD) Establecéronse criterios para o seguimento e avaliación das materias pendentes?
(PD) Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?
(PD) Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
(PD) Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación e instrumentos?
(PD) Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?

### Descrición:

O profesorado non avaliará unicamente as aprendizaxes do alumnado, senón que tamén fará o propio co proceso de ensino (PE) e a súa práctica docente (PDo), así como coa programación didáctica (PD). Para isto, a profesora de Cultura Audiovisual levará a cabo unha autoavaliación empregando os indicadores de logro expostos neste apartado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento que se vai empregar para revisar e avaliar a programación didáctica será un seguimento regular da súa aplicación, unha vez ao mes, do que quedará constancia nas correspondentes actas de reunión de departamento, segundo a información achegada pola profesora.

Así mesmo, na memoria final de curso recollerase unha avaliación global da programación, acompañada das propostas de mellora que se consideren necesarias e que serán incorporadas para o curso seguinte.

Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que poidan afectar á mesma tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para dita valoración global da programación didáctica, empregaranse os indicadores de logro precedidos por (PD) expostos na epígrafe anterior deste documento.

## 9. Outros apartados

### 1. Contribución da programación didáctica a outros proxectos e plans do centro: Plan TIC.

A ensinanza non presencial require dun cambio metodolóxico para mellorar o aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofertan. Por tanto, dende esta materia aprovéitanse todos os recursos dispoñibles no IES San Clemente, centro punteiro neste eido, para preparar, impartir e subir as clases, así como vehículo de comunicación co alumnado.

## **2. Contribución da programación didáctica a outros proxectos e plans do centro: Plan de Atención á Diversidade.**

Recoñécense as diversidades existentes como punto de partida para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado, e para iso, e sempre en conivencia co Departamento de Orientación, na materia ofrecerase a cada alumno ou alumna a axuda pedagóxica que precise axustando a intervención educativa.